

A POESÍA NON MORDE

YOLANDA CASTAÑO

A coñecida poeta galega e colaboradora de televisión Yolanda Castaño ofrece distintas propostas de achegamento ao xénero poético capaces de rachar tópicos sobre a poesía, revelar claves para comprendela e mesmo completar os programas curriculares do ensino secundario.

Se, con moita frecuencia, certos contidos son mellor recibidos e captados polo alumnado cando veñen dunha persoa de fóra da comunidade educativa, ninguén mellor ca un rostro coñecido que –ademais– ten vivido a poesía galega dos últimos anos en primeira persoa.

Boa comunicadora (*Premio Mestre Mateo Mellor Comunicador/a de TV 2005*) e con 18 anos de traxectoria publicando poesía en galego (*Premio Nacional da Crítica 1999*), Yolanda Castaño ofrece catro distintas propostas arredor da poesía, todas elas a se desenvolver nun rexistro distendido, próximo, ameno e des-solemnizador que conseguirá seducir mesmo aos menos *versados nos versos*.

Contacto: yolandacastano@hotmail.com



1) Achegamento á poesía.

“A poesía non morde”.

(55 mins.)

Charla distendida pero cargada de contidos arredor do xénero poético, as súas claves, códigos e intencións. Exemplificacións prácticas e participativas. Relato máis persoal da experiencia como autora. Rachando tópicos e prexuízos sobre o xénero.



2) Espectáculo poético.

Recital multimedia.

(45 mins.)

Espectáculo de pequeno formato. Combinación de recital de textos propios con proxección de videopoesía e pezas de audio pregravado. Un novo e atractivo xeito de comunicar a poesía facéndoa dialogar coa linguaxe audiovisual e as novas tecnoloxías.

(Un exemplo de ‘videopoema’:
<http://youtu.be/OkSv4w1aTP8>).

Necesidades técnicas:
videoproxector con amplificación de son e pantalla; facultativamente: mesa de mesturas, micro e técnico de son.

3) “A poesía galega dos últimos anos”. (60 mins.)

Conferencia –nun ton próximo e distendido– sobre a evolución da poesía nas últimas tres décadas en Galicia, facendo un percorrido dende o remate do socialrealismo ata os nosos días, cun especial detemento na Xeración dos 80 e, sobre todo, na dos 90 (da que a autora fai parte). Claves, circunstancias e características ilustradas co recitado de textos dos e das autoras mencionadas tanto como propios.



4) Obradoro de Poesía.

Varias sesións. Duración flexible.
(Consultar)



De xeito gradual ao longo de varias sesións, Yolanda Castaño irá propoñendo distintas prácticas literarias e exercicios de estimulación creativa. Traballaranse os distintos recursos estilísticos, estruturas e formas poéticas. Comentaremos os principais erros á hora de afrontar un texto poético e cómo evitalos, experimentaremos diferentes prácticas destinadas a enfiar o noso propio estilo e traballaremos o ritmo do poema, pero todo dende unha perspectiva xa non paciente senón activa, participativa e sempre cun punto lúdico, perdendo o medo a crear.



Poeta, videocreadora e activa dinamizadora cultural. Actualmente dirixe o festival anual de poesía *PontePoética* en Pontevedra e o ciclo de recitais poéticos *POETAS DI(N)VERSOS* para o Concello da Coruña, unha cita mensual coas mellores voces da poesía galega e internacional no Centro Ágora.

Como directora de obradoiros literarios, ten dirixido experiencias en centros públicos e privados de Galicia alén dalgún caso puntual no estranxeiro (Venezuela). Cabe salientar os desenvolvidos para *Fundación Caixa Galicia* nas súas sedes da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra. Mais tamén levou adiante obradoiros en bibliotecas públicas ou en institutos de ensino secundario, impulsados por entidades que van dende a *Consellería de Cultura da Xunta de Galicia* ata a *Asociación de Escritores en Lingua Galega*.

Boa comunicadora e rostro coñecido para o público galego, durante 5 anos e medio co-presentou un concurso cultural diario na TVG –“*Cifras e Letras*”- ao longo de máis de 1.100 programas. Xa antes diso e amais doutras moitas colaboracións no audiovisual, o seu propio programa de tv dedicado ás artes en Galicia – “*Mercuria*”- valéralle o Mestre Mateo da *Academia Galega do Audiovisual* á “Mellor Comunicador/a de TV 2005”. Así mesmo, durante outros tantos anos foi columnista semanal en varios xornais galegos a un tempo (*Galicia Hoxe*, *Xornal de Galicia*, *El Progreso*, *EL Ideal Gallego* e *Diario de Pontevedra*).

Licenciada en Filoloxía e diplomada en estudos audiovisuais, Yolanda Castaño foi Secretaria Xeral da *Asociación de Escritores en Lingua Galega* e formou parte da súa directiva durante varios anos. Foi co-fundadora e formou parte do consello editorial da editorial de poesía “*Letras de Cal*”. Interesada nas artes contemporáneas e na fusión interdisciplinar entre as mesmas, de 2007 a 2008 foi directora da *Galería Sargadelos* da Coruña. De igual xeito, comisariou mostras de arte e de poesía, coordinou volumes colectivos ou publicou traballos de edición literaria así como de tradución de poetas estranxeiros/as actuais para o galego. Ten redactado textos para espectáculos de danza, letras de cancións, colaboracións escritas de todo tipo e tres poemarios infantís.

Alén diso, ten desenvolvido numerosísimas experiencias de fusión de poesía con outras linguaxes creativas: música, artes visuais, arquitectura, danza, performace, fotografía ou audiovisual, xa fose soa ou en colaboración con outros artistas. Cómpre citar o traballo de videopoesía que Yolanda produce dende 2003, o cal lle valeu o “I Premio Videocreación Curtocircuíto 2004”. Estes videopoemas foron amosados en recitais multimedia que Yolanda Castaño ofreceu tanto

en Galicia coma en Bélxica, Perú, Italia, Arxentina, Lituania, Colombia, Portugal, Francia, Austria, Tunisia ou Eslovenia. Alén diso, en 2011 viu a luz unha orixinal e coidada publicación interdisciplinar que fusionaba a un tempo literatura, fotografía e cociña como procesos de creación: *Cociñando ao pé da letra*. Ademais, Yolanda ten colaborado en libros de fotografía ou pintura, en catálogos de arte ou libros con CD. Finalmente, dende 2008 mantén o grupo interdisciplinar *Tender a man* xunta outros 4 artistas da música e a danza; a formación, que fusiona música en directo con canto e danza contemporánea ao fío da poesía de Yolanda, ten actuado tanto en Galicia coma en Múnic, Helsinki e Tokio.

Pero Yolanda Castaño é principalmente poeta. *Premio da Crítica Española 1999* e *Premio Espiral Maior 2007* entre outros moitos galardóns, en 2009 RNE concedeulle o Premio *Ojo Crítico* ao mellor libro de poesía publicado por un autor/a mozo/a no Estado Español. Os críticos literarios do suplemento *EL Cultural* do diario *El Mundo* escolleron *Profundidade de Campo* –o seu último poemario– coma un dos 5 mellores editados en España en 2009.

Ten colaborado en numerosos medios de comunicación escrita, así coma en multitude de libros colectivos, antoloxías tanto galegas como estatais, congresos e infinidade de recitais dentro e fóra de Galicia. Neste sentido, ten sido convidada para representar ás letras galegas ou españolas en festivais internacionais de poesía nos países mencionados máis arriba así coma en Nicaragua, Madeira, Polonia, Venezuela, Austria ou Reino Unido. Outras intervencións téñena levado a amosar o seu traballo literario en Universidades dos EE.UU, no Instituto Cervantes de Dublín e outros países xa citados. En 2011, Yolanda Castaño recibiu dúas bolsas internacionais de creación como 'Escritora en Residencia', en institucións de Rodas (Grecia) e Múnic (Alemaña). Poemas seus foron traducidos ao castelán, catalán, francés, italiano, alemán, ruso, maltés, macedonio, armenio, inglés, polaco, árabe, lituano, esloveno, chinés e xaponés.

Obra individual publicada (adultos):

Elevar as pálpebras (Espiral Maior, 1995. Premio Fermín Bouza Brey); ***Delicia*** (Espiral Maior, 1998; 2ª ed.: 2006, Colección *Poeta en Compostela*); ***Vivimos no ciclo das Erofanías*** (Espiral Maior, 1998. Premio Johán Carballera e Premio da Crítica Española); ***Vivimos en el ciclo de las Erofanías*** (Huerga & Fierro, 2000. Edición bilingüe); ***Edénica*** (Espiral Maior, 2000. Antoloxía persoal + CD); ***O libro da egoísta*** (Galaxia, 2003, 2ª edición: 2004); ***Libro de la egoísta*** (Ed. bilingüe. Visor, 2006); ***Profundidade de campo*** (Espiral Maior, 2007. XV Premio Espiral Maior); ***Edénica*** (Espiral Maior, 2009. Reedición conxunta dos 3 primeiros poemarios); ***Profundidad de campo*** (Ed. bilingüe. Visor, 2009. Premio Ojo Crítico de RNE)

